

# Proxecto



## “CONSUM-ILLAS” Con - vivo †

**“C.E.I.P. ILLAS CÍES”**

Avda. Castelao Nº 59 36209 VIGO

Tel.- 986291265 Fax.- 986234993

email:ceip.illas.cies@edu.xunta.es

web:

## INTRODUCCIÓN

A educación para o consumo responsable é un tema que temos presente no noso currículo. Consideramos que é un compoñente fundamental para axudar o noso alumnado a empregar de forma responsable os recursos dispoñibles.

Nacións Unidas con motivo do Cumio da Terra de 2002 declarou oficialmente que unha de "as principais causas de que continúe deteriorándose o medio mundial son as modalidades insostibles de consumo e produción, particularmente nos países industrializados".

Queremos transmitirle o noso alumnado que o consumo responsable implica consumir menos, elixindo consumir só o necesario, e estando atentos a como nos inflúe a publicidade na creación de necesidades superfluas.

Sabemos que os medios de comunicación inciden de xeito decisivo nos hábitos e gustos das persoas. Para ter un consumo responsable é necesario ter conciencia á hora de ver os anuncios publicitarios.

Consideramos que o Plan Proxecta da Consellería de Educación, a través do seu programa "Galicons-net", ofrécenos a oportunidade de realizar un proxecto sobre o consumo responsable e calidade de vida para o desenvolvemento dos valores e competencias clave na etapa de Infantil e Primaria no CEIP Illas Cíes.

A proposta de traballo elegida é: Linguaxe publicitaria, publicidade na miña contorna.

Será o tema vertebrador deste curso, polo que participará a todo o profesorado e alumnado do centro. Estará recollido na programación xeral anual e quedará reflectido en cada unha das programacións didácticas das aulas. Implicaremos ás familias en actividades concretas do plan. Utilizaremos a páxina web, os blogs do centro e Redeiras para expoñer os nosos traballos.

Unha razón máis para participar é que dende curso 2011/12 levamos traballando o noso tema vertebrador do centro a través dos programas do Plan Proxecta ( "Froitas para o corazón", "ReciclArte", "12 meses, 12 paisaxes", "50 anos movéndonos") e sempre quedamos satisfeitos cos resultados obtidos.

**OBXECTIVOS**

Obxectivo xeral: Potenciar a educación para o consumo responsable e favorecer o desenvolvemento da educación en valores

<b>Obxectivos específicos</b>	<b>Competencias</b>
1. Coñecer as nosas responsabilidades como consumidores	CSC
2. Fomentar o consumo consciente potenciando a soberanía alimentaria.	CSC / CN
3. Sensibilizar e concienciar sobre os problemas do Tercer Mundo. Comercio xusto.	CSC
4. Potenciar hábitos de "alimentación equilibrada"	CN
5. Impulsar la organización de actividades que vincule la educación para el consumo con las fiestas que se celebren en el Centro: Navidad, Entroido, Magosto...	CAA
6. Fomentar o interese e curiosidade polas cuestións que afectan a protección do medio ambiente e desenvolver actitudes de respecto hacia o mesmo.	CSIEE / CSC
7. Saber incorporar a información que procede da propia experiencia en relación co consumo	CAA
8. Utilización e lectura de distintas linguaxes textuales e gráficas	CCL
9. Expresión oral, escrita e gráfica sobre os temas expostos	CCL
10. Iniciarse na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, e no desenvolvemento do espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran	CCL CD
11. Favorecer interese, a iniciativa persoal e creatividade e espírito emprendedor.	CSIEE
12. Desenvolver hábitos de traballo individual e en equipo, de esforzo e responsabilidade no estudo.	CSC
13. Favorecer o intercambio de experiencias e opinións.	CSC
14. Fomentar o compañerismo, e o respecto mutuo.	CSC

Comunicación lingüística (CCL)

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Competencia dixital (CD).

Aprender a aprender (CAA).

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## **ORGANIZACIÓN e METODOLOXÍA**

Organízase este proxecto dentro do marco do PEC. Estará dentro das propostas curriculares de cada aula e presente nas distintas áreas.

Participará todo o alumnado de Educación Infantil e Primaria e profesorado do centro, facendo extensible as actividades a toda comunidade escolar.

A partir dos obxectivos propostos para o proxecto, cada aula ou departamento deseñará as actividades que se van desenvolver e acordará a metodoloxía máis adecuada a cada unha de elas. As actividades realizaranse o longo de todo o curso. Propoñeranse actividades de creación libre que contribúan o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal... e actividades de traballo en equipo para mellorar o desenvolvemento da competencia social e cidadá.

A metodoloxía estará baseada en dinámicas activas, cooperativas e centradas na experiencia próxima do alumnado.

Partiremos do coñecemento directo que ten o alumnado da realidade do centro.

Mediante o uso dos sentidos, a observación directa, o uso das novas tecnoloxías da información... poderemos explorar, investigar e obter datos necesarios para posteriormente plasmar en carteis, textos informativos, dramatizacións...

Favoreceremos a participación activa do alumnado na clase planificando tarefas, intercambiando ideas, organizando materiais...

Utilizaremos as TIC como fonte de información e comunicación.

Involucraremos ás familias nalgunhas das actividades propostas.

As propias actividades axudarán ademais a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, a colaboración, o traballo en equipo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo e o desenvolvemento da iniciativa individual.

Utilizaremos os corredores, a web o blogues do centro para expoñer as actividades realizadas. Tamén subiremos a Redeiras as actividades máis representativas.

## ACTIVIDADES

1. Decorar cortiza de entrada ao centro, relacionada co consumo responsable.
2. Decorar porta da aula cun cartel publicitario incitando o consumo responsable.
3. Recopilar carteis publicitarios en periódicos, revistas, folletos...
4. Analizar en etiquetas ingredientes, conservación, peso...
5. Organizar un mercado, cada aula un posto diferente
  - a. Investigar sobre os produto que se van vender
  - b. Plan do equipo de traballo: nome do posto, eslogan, distribuir tarefas...
  - c. Organizar posto: precios, ofertas, descontos...Crear folleto publicitario
6. Elaborar fichas para analizar hábitos persoais que inflúen na calidade do medioambiente.
7. Crear carteis publicitarios gráficos ou dixitais relacionados co tema.
8. Inventar mensaxes que animen o consumo responsable ou a conservación do medio ambiente.
9. Visitar mercado do barrio ou distintas tendas.
10. Facer un taller de cociña "Cocinaconclan" para promover hábitos alimentarios saudables.
11. Elaborar paneis informativos en relación os temas estudiados.
12. Creación do personaxe "Consum-illas" e historias relacionadas co consumo responsable.

## **TEMPORALIZACIÓN**

Durante o mes de setembro e outubro:

- Elaboración do guión do proxecto.
- Recopilar as distintas propostas de traballo das distintas aulas e departamentos.
- Decorar a cortiza da entrada en relación co consumo responsable.

As demais actividades desenvolveranse de novembro a maio.

E no mes de xuño realizarase a memoria do proxecto.

## AVALIACIÓN

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE para o alumnado
Realiza un traballo de investigación que supoña busca, selección e organización de información sobre o consumo responsable
Expon oralmente as aprendizaxes realizadas
Emplea con precisión o vocabulario na realización das tarefas
Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación.
Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola
Emprega estartexias de traballo cooperativo, adoitando un comportamento de respecto etolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.
Amosa unha actitude de respecto e escoita ante argumentos e opinións dos demais

Tamén realizaremos una enquisa entre o profesorado que recollerá a implicación no proxecto por parte da comunidade escolar.

1. Na aula, ¿en que áreas do currículo estivo incorporado o proxecto?
2. ¿Cantos alumnos e alumnas da aula participaron nas actividades do proxecto?
3. A túa implicación no proxecto foi:  
moita                      aceptable                      algo                      apenas nada
4. De que modo se desenvolveu as actividades propostas  
traballo individual                      traballo en grupo                      traballo en familia
5. ¿ Pensas que o proxecto axudou a concienciar sobre a importancia do consumo responsable?
6. Tendo en conta os obxectivos a alcanzar as actividades propostas parecerónche:  
excesivas                      ben                      suficientes                      insuficientes
7. As familias colaboraron nalgunhas das actividades deseñadas? En cales?

8. Como cualificarías o desenvolvemento do proxecto nunha escala do 1 ó 10

- ambiente de traballo
- creatividade/iniciativa
- participación/motivación
- eficacia na consecución dos obxectivos.